



XXXI CROS POPULAR PIÑEIRAL DE CABANAS 2024

Domingo, 4 de agosto de 2024

Comezo das carreiras: 11:00 h

REGULAMENTO DA PROBA:

Punto 1

- A) A inscrición será libre e gratuíta.
- B) Todo comportamento antideportivo será penalizado con descalificación
- C) A organización establecerá os controis que estime necesarios.
- D) As reclamacións aos resultados oficiais deberán formularse verbalmente ao xuíz-árbitro da competición, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados.
- E) A organización farase cargo dos seguros da proba.
- F) A organización resérvase o dereito de solicitar a acreditación da idade dos participantes.
- G) Haberá premios de trofeos para os tres primeiros clasificados de cada categoría. As persoas vencedoras absolutas, das categorías masculina e feminina, recibirán trofeo adicional. Ás persoas participantes nas categorías de base (que correrán 300 e 100 metros, respectivamente) recibirán, todas elas, unha medalla.
- H) O inicio da proba será ás once da mañá, finalizando ás trece horas.
- I) A proba está incluída no calendario oficial da Federación Galega de Atletismo.
- J) A proba estará controlada polo “comité galego de xuíces”.

Punto 2

O esbozo do percorrido farase público co anuncio da proba.

O percorrido da proba será polo piñeiral e antigo campo de fútbol da Madalena.

Punto 3

Entre as medidas de sinalización da proba e dispositivo de seguridade previstos, contarase coa colaboración de Protección Civil de Cabanas.



A proba estará controlada por xuíces do Comité Galego de Atletismo.

A proba contará con unha unidade móbil de asistencia sanitaria.

Todo o persoal auxiliar e de control da proba estará identificado.

Todo o percorrido estará delimitado con cinta. Será integramente a nivel do mar e polo interior do piñeiral. Non haberá ningunha pendente, aínda que é posible encontrarse con zonas de area.

Punto 4

As inscricións poderanse efectuar a través do sistema online na páxina da Federación Galega de Atletismo ou en www.carreirasgalegas.com. Para máis información pódese escribir a deporte@cabanassgal

O listado de persoas inscritas será publicado na web de Carreiras Galegas e actualizada diariamente.

A inscrición pecharase o mércores 31 de xullo de 2024.

Punto 5

As diferentes distancias oscilarán entre os 1.000 e os 7.000 metros, dependendo das categorías distribuídas segundo os grupos de idade.

As categorías serán as seguintes (sendo **iguais para MULLERES e HOMES**):

CATEGORÍAS	ANOS DE NACEMENTO	DISTANCIA	HORARIO
A	2014-2015-2016	1.000 mts. (1 v.p*.)	11:00 h
B	2011-2012-2013	1.800 mts. (1 v.g*)	11:10 h
C	2008-2009-2010	3.600 mts. (2 v.g.*)	11:20 h
J	2005-2006-2007	7.000 mts. (4 v.g.*)	11:40 h
SE	De 1985 a 2004	7.000 mts. (4 v.g.*)	11:40 h
VA	De 1975 a 1984	7.000 mts. (4 v.g.*)	11:40 h
VB	De 1965 a 1974	7.000 mts. (4 v.g.*)	11:40 h
SV	Antes de 1965	7.000 mts. (4 v.g.*)	11:40 h

* v.p./ v.g. = volta pequena / volta grande

CATEGORÍAS	ANOS DE NACEMENTO	DISTANCIA	HORARIO
Peques	2017-2018-2019	300 mts.	12:40 h
Pitufos	De 2020 ata hoxe	100 mts.	12:45 h

Punto 6

Todas as persoas participantes, agás os peques e pitufos, levarán chip nos dorsais que lles proporcionará a organización para o control da carreira.

ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS:

A organización contará con ambulancia na zona de saída/meta.

Os servizos médicos e a organización da competición están facultados para retirar da proba a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo.

A organización non se fará responsable de calquera tipo de dano material ou moral que se poida ocasionar como consecuencia da participación voluntaria neste evento. A inscrición implica ler, ter entendido e adquirido o compromiso que a continuación se expón:

Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidera derivarse á organización, patrocinadores comerciais ou *sponsors*, persoal empregado, voluntario e demais organizadores. Coa realización da inscrición, toda persoa participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de protección de datos.



ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todas as persoas participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación imprevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organización e polas normas da Federación Galega de Atletismo, da Real Federación Española de Atletismo e da World Athletics en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición a persoa corredora consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade local para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e de responsabilidade civil, así como a xestión da licenza de día e *ranking* popular de probas en ruta. En calquera caso, e tal como establece a Lei de protección de datos, a persoa interesada pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo, Praza Agustín Díaz s/n, 15008 A Coruña.